

ORDE do 14 de marzo de 2018 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, de acceso ao corpo de profesores de escolas o ciais de idiomas e de ingreso ao corpo de profesores técnicos de formación profesional, ao corpo de mestres, e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional e mestres da Comunidade Autónoma de Galicia



**TAXAS:**

- \* Profesores de ensino secundario: 41,56 €
- \* Profesores de escolas oficiais de idiomas: 41,56 €
- \* Profesores técnicos de formación profesional: 35,78 €
- \* Mestres: 35,78 €

**ACTO DE PRESENTACIÓN: 23 de xuño ás 09:00 horas**

# PROCEDEMENTOS SELECTIVOS 2018

Solicitudes: do 22 de marzo ao 13 de abril no enderezo,

<https://www.edu.xunta.es/oposicions/>

**DOCENTES ENSINO PÚBLICO**

Código/especialidade		Total
031	Educación Infantil	110
032	Lingua Estranxeira: Inglés	50
033	Lingua Estranxeira: Francés	50
034	Educación Física	55
035	Música	35
036	Pedagogía Terapéutica	75
037	Audición e Linguaxe	90
038	Educación Primaria	240
<b>TOTAL</b>		<b>705</b>

Código/especialidade		Total
004	Lingua Castelá e Literatura	75
005	Xeografía e Historia	65
006	Matemáticas	153
007	Física e Química	88
008	Bioloxía e Xeoloxía	60
011	Inglés	50
18	Orientación educativa	35
19	Tecnoloxía	65
053	Lingua Galega e Literatura	75
108	Intervención sociocomunitaria	20
110	Organización e xestión comercial	25
113	Organización de proxectos de sistemas enerxéticos	15
117	Procesos diagnóstico-clínico e ortoprotésico	15
118	Procesos sanitarios	22
125	Sistemas electrotécnicos e automáticos	25
<b>TOTAL</b>		<b>788</b>



## ensino

Código/especialidade		Total
203	Estética	20
205	instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluidos	20
216	Operacións de produción agraria	18
219	Procedementos de diagnóstico clínico e autoprotésico	16
220	Procedementos sanitarios e asistenciais	40
221	Procesos comerciais	24
226	Servizos de restauración	22
TOTAL		160

ACCESO DO SUBGRUPO A2 AO SUBGRUPO A1



**ensino**

CORPO DE PROFESORES DE ENSINO SECUNDARIO

CÓDIGO/ESPECIALIDADE		TOTAL
004	Lingua Castelá e Literatura	25
005	Xeografía e Historia	22
006	Matemáticas	52
007	Física e Química	29
008	Biología e Xeoloxía	21
011	Inglés	18
018	Orientación educativa	12
19	Tecnoloxía	22
053	Lingua Galega e Literatura	23
108	Intervención sociocomunitaria	6
110	Organización e xestión comercial	8
113	Organización e proxectos de sistemas enerxéticos	5
117	Procesos diagnóstico-clínico e produtos ortoprotésicos	5
118	Procesos sanitarios	6
125	Sistemas electrotécnicos e automáticos	8
<b>TOTAL</b>		<b>262</b>

ACCESO DO SUBGRUPO A1 AO SUBGRUPO A1

	TOTAL
Acceso ao corpo de catedráticos de música e artes escénicas	105
Acceso ao corpo de profesores de escolas de idiomas, especialidade de inglés	30

# CORPOS DE MESTRES (PROBAS FASE DE OPOSICIÓN)

Dúas probas que terán carácter eliminatorio (é preciso acadar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos en cada unha), estruturadas á súa vez en dúas partes cada unha.

<p><b>1º PROBA: dúas partes</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte A:</b> incluírá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo V, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.</li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte B:</b> consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo aspirante de entre tres temas dos temarios que compoñen o temario oficial de cada especialidade, extraídos ao chou polo tribunal.</li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Observacións:</b></li> <li>• O persoal aspirante disporá de dúas horas para a realización desta parte da primeira proba.</li> <li>• No suposto de que a primeira parte da proba se realice por escrito, procederase á súa lectura conxunta coa segunda e a cualificación de cada parte realizarase por separado.</li> </ul>
<p><b>2ª PROBA: as especialidades de Educación Infantil, Lingua Estranxeira: Francés, Lingua estranxeira: Inglés, Música, Educación Física e Educación Primaria.</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte A:</b> presentación e defensa dunha programación didáctica. Fará referencia ao currículo dunha materia pola especialidade pola que se participa. Corresponderase cun curso escolar da etapa na que teña atribuída competencia docente.</li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte B:</b> preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.</li> <li>• A preparación e exposición oral, ante o tribunal, dunha unidade didáctica poderá estar relacionada coa programación presentada polo aspirante ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá o contido da unidade didáctica de entre tres extraídas ao chou por el mesmo, da súa programación. No segundo caso, o persoal aspirante elixirá o contido dunha unidade didáctica dun tema de entre tres extraídos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade.</li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Observacións:</b></li> <li>• A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro en que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.</li> <li>• O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)</li> </ul>

**2ª PROBA: nas especialidades de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.**

- **Parte A:** o plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo deberá conter, como mínimo, seis programas de intervención e basearse na normativa vixente e nas necesidades do alumnado, do centro e do contexto, e recollerá obxectivos, contidos, actividades, estratexias metodolóxicas, recursos materiais, humanos e organizativos, temporalización das accións, avaliación e propostas de mellora. Neste plan deberá prestarse especial relevancia á actuación do persoal aspirante como profesor de apoio.

- **A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.**

- **Parte B:** elaboración diante do tribunal e exposición oral dun programa de intervención relacionado co plan de apoio para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo presentado polo persoal aspirante, ou elaborado a partir do temario oficial da especialidade. No primeiro caso, o persoal aspirante elixirá ao chou un programa de intervención con alumnado con necesidade específica de apoio educativo (alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais tuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar). No segundo caso, o aspirante elixirá o contido do programa de intervención dun tema de entre tres elixidos ao chou por el mesmo, do temario oficial da especialidade.

- **A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.**

- **Observacións:**

- O plan de apoio para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que terá as mesmas características establecidas para a programación didáctica, deberán entregalo ao tribunal aqueles que superen a primeira proba, no centro en que están actuando e no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións daqueles que superaron a citada proba.

- O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación do programa de intervención e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia utilizar non poderá ser susceptible de dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.).

- Para a exposición, o persoal aspirante poderá utilizar un guión que non excederá unha páxina e que entregará ao tribunal unha vez rematada a súa exposición.

# CORPOS DE PES E PTFP (PROBAS FASE DE OPOSICIÓN)

Dúas probas que terán carácter eliminatorio (é preciso acadar unha puntuación mínima igual ou superior a 5 puntos en cada unha), estruturadas á súa vez en dúas partes cada unha.

<p><b>1º PROBA:</b> dúas partes</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte A:</b> incluirá unha proba práctica consistente na realización dunha serie de exercicios por escrito que se axustará, para cada especialidade, ao disposto no anexo V, e que permitirá comprobar que o persoal aspirante posúe a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade a que se opte. O tempo asignado para a realización desta proba será establecido polos tribunais.</li> <li>• <b>Os tribunais proporán dúas opcións de proba práctica das cales a persoa aspirante escollerá unha, que pola súa vez poderá constar de varias partes.</b></li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte B:</b> consistirá no desenvolvemento por escrito dun tema elixido polo persoal aspirante de entre cinco temas dos temarios que compoñen o temario oficial de cada especialidade, extraídos ao chou polo tribunal.</li> <li>• <b>A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Observacións:</b></li> <li>• O persoal aspirante disporá de dúas horas para a realización desta parte da primeira proba.</li> <li>• Ao efectuarse a primeira e segunda parte da proba por escrito, procederase á súa lectura conxunta e a cualificación de cada parte realizarase por separado.</li> <li>• Para superar esta proba o persoal aspirante deberá obter unha puntuación de polo menos o 25 % do valor de cada unha das partes da proba e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas correspondentes ás dúas partes, igual ou superior a 5 puntos.</li> </ul>
<p><b>2ª PROBA:</b> dúas partes</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte A:</b> presentación e defensa dunha programación didáctica. Fará referencia ao currículo dunha materia pola especialidade pola que se participa. Corresponderase cun curso escolar da etapa na que teña atribuída competencia docente.</li> <li>• <b>Especialidade de Orientación Educativa: presentación e defensa dun plan anual do departamento de orientación dun centro.</b></li> <li>• A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,4 a cualificación obtida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Parte B:</b> preparación e exposición oral dunha unidade didáctica ante o tribunal.</li> <li>• <b>Especialidade de Orientación Educativa: preparación e exposición oral dun programa específico de intervención.</b></li> <li>• A cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,6 a cualificación obtida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Observacións:</b></li> <li>• A programación deberá entregarse ao tribunal polo persoal aspirante que supere a primeira proba no centro en que están actuando, no prazo que estableza o tribunal ao publicar as cualificacións da primeira proba.</li> <li>• O persoal aspirante disporá dunha hora para a preparación da unidade didáctica, e poderá utilizar o material que considere oportuno, sen posibilidade de conexión co exterior, polo que o material que vaia a utilizar non poderá ser susceptible da dita conexión (ordenadores portátiles, teléfonos móbiles, etc.)</li> </ul>

# Onde podes atoparnos

## Santiago de Compostela

Rúa Miguel Ferro Caaveiro,8  
1º andar  
CP 15707  
Telf. 981 551 826  
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

## A Coruña

Avda. Alfonso Molina, km 2,  
3º andar  
CP 15008  
Telf. 981 145 895  
scensino.coru@galicia.ccoo.es

## Lugo

Rolda da Muralla 58,  
4º andar  
CP 27002  
Telf. 982 221 060  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

## Pontevedra

Rúa Pasantería 1, 2º andar  
CP 36002  
Telf. 986 866 276  
scensino.pont@galicia.ccoo.es

## Ferrol

Rúa María 42-44  
CP 15402  
Telf. 981 369 336  
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

## Ourense

Parque San Lázaro 12, 3º andar  
CP 32300  
Telf. 988 392 256  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

## Vigo

Rúa das Teixugueiras 11 entrechán  
CP 36212  
Telf. 986 246 847  
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

## O Barco

Praza do Concello 2, 1º andar  
CP 32300  
Telf. 988 322 034  
scensino.oure@galicia.ccoo.es

## Monforte

Roberto Baamonde s/n  
CP 27400  
Telf. 982 401 518  
scensino.lugo@galicia.ccoo.es



**VIVAS  
LIBRES  
UNIDAS  
POLA IGUALDADE**

**Contra as violencias machistas  
Contra a brecha salarial  
Contra a precariedade do emprego**

[www.ccooensino.gal](http://www.ccooensino.gal)



Federación de Ensino de CCOO de Galicia